

Acordo Político para conformar unha candidatura ás Eleccións Europeas

Polo presente documento, as formacións Euskal Herria Bildu (EH Bildu) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG) comprométense a impulsar unha candidatura propia nas Eleccións ao Parlamento Europeo que terán lugar o 25 de maio de 2014.

Á espera de pechar os acordos relativos á conformación desa candidatura, BNG e EH Bildu expresan o seu compromiso de exercer de suxeitos políticos principais desa alianza electoral nas súas respectivas nacións, isto é, Galiza e Euskal Herria.

Ambas as dúas formacións amosan a súa disposición a establecer fórmulas de participación ou apoio a esta candidatura noutras nacións e pobos do Estado español, sempre no obxectivo de reforzar os eixos políticos que inspiran á candidatura, como son a defensa do dereito a decidir dos pobos e a denuncia do modelo da UE, profundamente antidemocrático, porque non dá voz ás nacións, adopta as súas decisións en órganos non elixidos pola cidadanía e llexítima coas súas estratexias políticas un recorte brutal de dereitos sociais, laborais, civís e políticos para coas cidadás e os cidadáns europeos.

As eleccións ao Parlamento Europeo prodúcense nun contexto de profunda crise do sistema económico capitalista, nun contexto de programas de recortes de servizos públicos básicos e de abolición dos dereitos sociais, o que fai que millóns de cidadáns europeos se enfronten ao desemprego, ao desafiu-zamento, á precariedade, o empobrecemento e a exclusión social.

EH Bildu e BNG compartimos a vocación de converter a nosa presenza nestas eleccións nun escenario de loita para combater os plans da Troika e en xeral a deriva dunha Unión Europea que non dubida en acudir ao rescate dos organismos financeiros e de apoiar os intereses das grandes corporacións empresariais mentres desposúe de dereitos ás persoas.

Ambas as dúas formacións proclamamos o noso compromiso de impulsar coa nosa acción política e o noso apoio activo á mobilización popular unha confrontación clara contra o modelo que leva o recorte xeneralizado de dereitos, castiga aos sectores máis vulnerábeis da sociedade, e que hipoteca o futuro das xeracións máis novas. E o sentido desa confrontación sen concesións é xerar as condicións para pór os cimentos a un novo modelo de Europa baseado na cooperación dos seus pobos, a centralidade das persoas na acción política comunitaria e a blindaxe dos dereitos fundamentais das persoas.

Por iso é polo que, entre outras moitas medidas, reclamemos de maneira expresa o dereito das nacións a decidir o seu futuro, e a necesidade de abordar unha rexeneración democrática que sitúe en primeiro plano as necesidades das persoas.

Neste sentido, consideramos indispensábel adoptar medidas urxentes como a instauración dunha renda básica europea, e tamén entendemos imperativo rescatar aos pobos da hipoteca que pesa sobre o seu futuro. Debe recoñecérselle aos nosos pobos, sen inxerencias externas, o control sobre os seus recursos e o dereito a defender e desenvolver as súas capacidades produtivas, xeradoras de riqueza, emprego e benestar social.

Iso implica proceder á auditoría da débeda, tanto pública como privada, e non pagar a débeda ilexítima, pero tamén establecer sistemas efectivos de control sobre os organismos financeiros e habilitar mecanismos efectivos para pór freo ao poder das transnacionais.

Nun contexto marcado por unha involución social e democrática preocupantes, EH Bildu e BNG facemos unha aposta clara pola democracia participativa e a toma de decisións de forma directa. Temos a firme convicción de que o impulso decidido á soberanía das nosas respectivas nacións é o modo máis seguro para avanzar cara a un modelo de país e de sociedade máis aberta, xusta e igualitaria.

A nosa candidatura quere expresar o seu apoio ao referendo de Escocia e á consulta en Catalunya, e reclamará tanto no Parlamento Europeo como noutras institucións e foros europeos e internacionais que as nosas nacións, Euskal Herria e Galiza, aspiran igualmente a determinar de forma democrática e sen inxerencias externas o seu futuro.

Porque compartimos a arela dunha profunda rexeneración democrática, dunha transformación radical do modelo social e económico, como única forma de dar saída a unha crise sistémica, comprometémonos a conformar unha candidatura que leve a voz dos pobos e as reivindicacións dos sectores máis castigados polas políticas da Troika ao Parlamento Europeo.

Asinan o presente acordo:

en nome da coalición
Euskal Herria Bildu (EH Bildu):

.....

e en nome do
Bloque Nacionalista Galego (BNG)

.....



En Bilbo, a 14 de marzo de 2014